

Linguas estranxeiras



Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras

A 3D-rendered globe composed of numerous interlocking puzzle pieces. The globe is centered and surrounded by the title text 'Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras' which is curved around it. The puzzle pieces are light blue and white, with some pieces missing, suggesting a process of building or integration.

XUNTA DE GALICIA

Elaboración

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edición

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

Impresión

Grafinova Artes Gráficas, S.A.

Depósito legal

C xxx-2011



Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Limiar

Coñecer linguas supón poder desenvolverse nun mundo no que a mobilidade forma parte cada vez máis da construción profesional e persoal. Esta mobilidade leva inherente unha identidade cohesionadora dende o propio cara unha sociedade aberta, integradora e integrada a nivel internacional.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria márcase para os vindeiros anos o obxectivo de incrementar significativamente as competencias do alumnado en linguas estranxeiras a través das seguintes actuacións: o reforzo cualitativo na formación do profesorado que imparte materias, áreas ou módulos non lingüísticos en lingua estranxeira, tanto das seccións bilingües coma dos centros plurilingües, dous programas distintos que cobren as diversas necesidades das nosas comunidades educativas en materia de linguas estranxeiras; o artellamento dunha rede tanto deste profesorado como do especialista en linguas estranxeiras; a dotación de persoal que reforce o contacto directo coa lingua traballada e a interculturalidade, tales como os auxiliares de conversa e o profesorado visitante; a constante oferta de formación en linguas estranxeiras para o alumnado; e, por suposto, a colaboración e aperturismo cara a diversos programas educativos da Unión Europea.

Grazas ao esforzo do profesorado e co apoio institucional que a nosa comunidade educativa esixe e merece, estamos a construír todos e todas un futuro de liberdades. O presente plan de potenciación das linguas estranxeiras supón un esforzo máis neste camiño.

Índice

PARTE I

A IMPORTANCIA DAS LINGUAS E O SEU ESTADO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA 7

1 A IMPORTANCIA DAS LINGUAS NA NOSA SOCIEDADE 7

- 1.1 Retos da nova sociedade da información e da comunicación.
A sociedade global 7
- 1.2 As linguas estranxeiras como referencia na formación en
competencias profesionais 9

2 AS LINGUAS NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA 11

- 2.1 As linguas estranxeiras no currículo 11
 - 2.1.1 Educación infantil 11
 - 2.1.2 Educación primaria 11
 - 2.1.3 Educación secundaria obrigatoria (ESO) 12
 - 2.1.4 Bacharelato 12
 - 2.1.5 Formación profesional 12
- 2.2 As seccións bilingües 13
- 2.3 Actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado 14
- 2.4 Programa CUALE 14
- 2.5 Programa PALE 14
- 2.6 Proxectos internacionais 15
- 2.7 As Escolas Oficiais de Idiomas 16
 - 2.7.1 Actuacións nas EEOOI de Galicia no curso 2009–2010 17

PARTE II

PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS 19

1 OBXECTIVO XERAL 19

2 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 19

3 EIXES DO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS 22

- 3.1 EIXE PRIMEIRO. Centros educativos 23
 - 3.1.1 Seccións bilingües 23
 - ACCIÓN 24

3.1.2	Transformación dos centros con seccións bilingües en centros plurilingües	25
	ACCIÓNS	26
3.1.3	Creación dunha rede de Centros Plurilingües	26
	OBXECTIVOS	26
	ACCIÓNS	27
3.1.4	Dotación de auxiliares de conversa	27
	OBXECTIVOS	27
	ACCIÓNS	28
3.1.5	Profesorado visitante	28
	OBXECTIVOS	28
	ACCIÓNS	29
3.1.6	Escolas Oficiais de Idiomas (EEOOI)	29
	OBXECTIVOS	29
	ACCIÓNS	29
3.2	EIXE SEGUNDO. O alumnado	31
3.2.1	Formación complementaria para a aprendizaxe das linguas estranxeiras	31
	Actividades de formación en linguas estranxeiras	31
	OBXECTIVOS	32
	ACCIÓNS	32
	Programa CUALE	32
	OBXECTIVOS	32
	ACCIÓNS	33
3.2.2	Programas educativos internacionais	33
	Programas educativos da Unión Europea: Comenius, Grundtvig, Leonardo da Vinci, Erasmus e Twinning	33
	OBXECTIVOS	33
	ACCIÓNS	34
3.3	EIXE TERCEIRO. O profesorado	34
3.3.1	Formación permanente do profesorado. PALE e outras actividades 35	35
	Profesorado especialista	35
	Profesorado non especialista	35
	OBXECTIVOS	36
	ACCIÓNS	36
3.3.2	Programas educativos internacionais	36

Programas: Comenius, Grundtvig, Leonardo da Vinci, Erasmus, Programa Transversal e Bolsas do Consello de Europa	36
OBXECTIVOS	36
ACCIÓNS	37
4 ACCIÓNS DIRIXIDAS A PROMOVER O PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS	39
5 AVALIACIÓN, RECOÑECEMENTO E ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS	40
6 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DE LINGUAS ESTRANXEIRAS	41

PARTE I

A IMPORTANCIA DAS LINGUAS E O SEU ESTADO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

1 A IMPORTANCIA DAS LINGUAS NA NOSA SOCIEDADE

1.1 Retos da nova sociedade da información e da comunicación. A sociedade global

A sociedade do século XXI caracterízase pola mobilidade de persoas e a interculturalidade, con especial incidencia nos países da Unión Europea. Esta mobilidade dáse tamén entre zonas xeográficas con maior grao de desenvolvemento industrial, debido aos problemas de emprego aos que nos enfrontamos na actualidade.

Hoxe, a discusión acerca das vantaxes e os inconvenientes da globalización non exime as políticas da responsabilidade de facer fronte á necesidade de determinar as condicións imprescindibles para que países, empresas e individuos poidan beneficiarse do proceso imparabile da globalización en lugar de seren atropelados por el. Mesmo restrinxindo ao noso contorno, á Unión Europea do século XXI, debemos relacionarnos con máis de 500 millóns de cidadáns, 27 estados membros, 23 linguas oficiais (dúas delas as de maior presenza mundial —o inglés e o castelán—), ás que se suman as máis de 50 linguas minoritarias (ás que como galegos debemos prestar unha especial atención), xunto coa presenza de tres alfabetos. Ademais diso, outras realidades interculturais veñen enriquecer o noso escenario europeo: a inmigración incorpora polo menos 175 nacionalidades distintas ás nosas sociedades, dentro das fronteiras de Europa, o que leva consigo un amplo abano de realidades culturais e lingüísticas.

Aínda que as linguas son en esencia elementos de comunicación e de expresión de identidades, son tamén un medio para lograr maior cohesión social, máis prosperidade e mellores expectativas laborais. Coñecer linguas é poder desenvolverse nun mundo globalizado, así como poder traballar e exercer

a mobilidade nun gran mercado único e mesmo reconsiderar a identidade local e abrila cara ao intercambio internacional.

Os modelos actuais de acceso á información, dentro do sistema educativo, estanse decantando por transformar os centros docentes en centros dixitais. A busca de información e a construción compartida de saberes está mediatizada polo dominio de linguas estranxeiras, sobre todo do inglés.

A importancia da mobilidade é considerada en todos os tratados da Unión Europea. De feito amplíase o concepto de mobilidade ao referirse non só aos mercados laborais e a unha maior liberalización da prestación dos servizos e do exercicio de profesións, senón tamén aos ámbitos da educación, da formación e da investigación. Pero a pesar da vontade unánime por parte de todos os Estados membros da UE de promoveren a mobilidade transnacional e das numerosas disposicións xurídicas adoptadas no marco do mercado único, existen aínda obstáculos para a realización efectiva da libre circulación dos cidadáns europeos: o descoñecemento das linguas e de determinados aspectos culturais seguen sendo dous dos principais obstáculos á mobilidade. De aí o obxectivo común, definido no Cumio de Barcelona de 2002, de favorecer, cando menos, a aprendizaxe de dúas linguas comunitarias.

Ademais, o Foro Empresarial sobre Multilingüismo, creado pola Comisión Europea, emitiu as súas recomendacións en 2008 e chegou a dúas conclusións: as linguas ofrecen maiores oportunidades para a actividade empresarial e as empresas nas que conflúe o uso de varios idiomas obteñen maior rendemento.

Neste contorno, o Goberno da Xunta de Galicia entende que fomentando unha sociedade plurilingüe pódese axudar ás novas xeracións a estar mellor preparadas para enfrontar os retos do futuro. Hoxe a competencia comunicativa en varias linguas é vantaxosa; mañá será indispensable para arrastrar as transformacións imperativas do gran mercado deste mundo globalizado que se albiscan se miramos máis aló da presente crise.

O debate sobre o plurilingüismo non se centra, pois, en por que ou para que é necesario que os cidadáns coñezan e poidan empregar varias linguas, senón en como se pode lograr iso no menor tempo posible.

Por outra parte, o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) establece unha gradación de competencias na aprendizaxe de linguas, incorporada ás ensinanzas que se imparten nas Escolas Oficiais de Idiomas (EE.OO.II.). Estes niveis de competencia constitúen cada día máis un requisito solicitado en convocatorias e accesos a diferentes ámbitos académicos e laborais. Así, en 2011 será preciso, por norma estatal, dispoñer do nivel B2 para impartir materias en lingua estranxeira. Igualmente, para poder matricu-

larse no Máster de profesorado de educación secundaria hai que estar en posesión do certificado B1 ou equivalente nun idioma estranxeiro.

Abordar o plurilingüismo como unha vantaxe, non como un obstáculo, constitúe, pois, un dos principios fundamentais da Administración galega. E para facelo realidade é necesario establecer pontes e ligazóns entre a sociedade civil e a educación, entre as necesidades da sociedade galega, que require unha competencia comunicativa plurilingüe, e o ámbito educativo.

Polo tanto, o reto do sistema educativo de Galicia non é só proporcionarlle unha boa instrución humanística, científica e técnica ao alumnado, senón tamén, e especialmente, facilitarlle as competencias axeitadas para que poida atopar as mellores oportunidades nun mundo en constante transformación como este que encara o século XXI.

1.2 As linguas estranxeiras como referencia na formación en competencias profesionais

Este escenario, cada vez máis internacional, proponlle unha serie de desafíos ao sistema educativo galego. Un deles, e esencial, é a aprendizaxe de linguas estranxeiras, preferentemente o inglés, por non se cumprir, procurando acadar unha notable fluidez na comunicación oral e escrita, que segue a ser unha das principais debilidades do sistema educativo galego e español. En efecto, o escaso dominio dunha lingua estranxeira que presenta o alumnado é un dos graves hándicaps que arrastra o noso sistema educativo, especialmente ao comparámonos con outros países de Europa, nos que o inglés xa se considera máis unha competencia básica que unha lingua estranxeira. Do mesmo xeito é fundamental a atención a outras linguas estranxeiras, xa que a súa aprendizaxe enriquece a formación do alumnado galego.

De feito, existen claros indicios de que o inglés como lingua franca única, malia ser indispensable, non abonda para dar resposta ás complexas relacións internacionais, tanto no ámbito do comercio como no da industria ou no da investigación.

A situación de España segue a ser preocupante cando se analiza o grao de coñecemento de linguas estranxeiras dos seus cidadáns desde unha perspectiva europea, tal e como se recolle no eurobarómetro publicado pola Comisión Europea no ano 2006 e do que se amosa un exemplo sobre o dominio doutras linguas nalgúns países da UE:

País	Dominio de linguas estranxeiras		
	Unha lingua	Dúas linguas	Ninquinha
UE	56%	28%	44%
Eslovaquia	97%	48%	3%

País	Dominio de linguas estranxeiras		
	Unha lingua	Dúas linguas	Ningunha
Letonia	95%	51%	5%
España	44%	17%	56%

A táboa presenta un panorama deficitario en España, xa que está 10 puntos por debaixo en coñecemento de linguas con respecto a Europa. Un 56% de españois non coñece ningunha lingua estranxeira, fronte a un 3% de Eslovaquia.

A necesidade de rachar con esta situación é un dos obxectivos que se marcou o Goberno da Xunta de Galicia e que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recolle como folla de ruta sobre a que vertebrar as súas actuacións nos vindeiros anos. Somos conscientes da realidade de partida e de que se trata dun proceso que debemos tramitar o antes posible, sobre todo considerando uns momentos como os actuais, de crise económica, nos que a educación condiciona e posibilita a capacidade de desenvolvemento económico e social do noso sector de poboación máis novo.

A educación en Galicia e en España caracterízase pola forte presenza das linguas no currículo, en sintonía co que ocorre no conxunto dos sistemas europeos, nos que a aprendizaxe de linguas desempeña un papel fundamental á hora da elaboración dos currículos educativos e na formación do profesorado.

Pola súa parte, a diversidade lingüística da sociedade galega require a creación no noso sistema educativo de mecanismos que a conxuguen e a convertan nun factor potenciador da cohesión social e do crecemento persoal dos individuos. Xa que logo, faise necesario harmonizar a convivencia orgánica das linguas no noso sistema educativo.

2 AS LINGUAS NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

O obxectivo principal para a ensinanza das linguas no ensino primario e no secundario, ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG do 25 de maio), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, é contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente nas linguas oficiais da nosa comunidade, sen obviar a necesidade e a promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras, principalmente o inglés, non só desde o currículo, senón tamén a través doutros programas formativos.

2.1 As linguas estranxeiras no currículo

A incorporación das linguas estranxeiras ao sistema educativo de Galicia merece unha breve análise para cada unha das súas etapas.

2.1.1 Educación infantil

No decreto polo que se aproba o currículo para esta etapa educativa xeneralízase o ensino do inglés desde os tres aos seis anos, mediante a súa integración na área Linguaxes: comunicación e representación.

A ensinanza desta lingua na etapa de educación infantil ofrécese, con carácter voluntario para os centros, desde hai máis de dez anos. Na anticipación da primeira lingua estranxeira participou un número importante de centros e de alumnos, como se mostra na táboa que segue:

CURSO	2004–2005	2005–2006	2006–2007	2007–2008	2008–2009	2009–2010
Nº centros	667	688	734	771	805	1.088
Nº alumnos/as	37.500	38.700	41.300	43.403	44.205	63.456

Dado que non é unha etapa educativa obrigatoria, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira está concibida especialmente coma sensibilización á aprendizaxe desta mediante un contacto relativamente breve e en contextos lúdicos.

2.1.2 Educación primaria

Coa implantación da LOE introdúcese o primeiro idioma estranxeiro no primeiro ciclo. O horario é de dúas sesións semanais en primeiro ciclo e de tres nos outros dous ciclos. A lingua maioritaria é o inglés e, habitualmente, o alumnado presenta menor dominio oral ca escrito (tanto en comprensión como en expresión).

Ademais, nesta etapa, a aprendizaxe do inglés non só se promove a través do currículo establecido na normativa, senón tamén mediante os diversos

programas de formación lingüística, dos que destacan dous: as actividades de formación en linguas estranxeiras, en grupos, dentro de España, en contextos anglófonos e, sobre todo, a través do modelo AICLE/CLIL (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas/Content and Language Integrated Learning) de seccións bilingües.

2.1.3 Educación secundaria obrigatoria (ESO)

Nesta etapa educativa, ademais do horario da primeira lingua estranxeira, con tres horas semanais en cada curso, cóntase cunha segunda lingua obrigatoria en primeiro ciclo (dúas horas por semana), que é optativa en terceiro (dúas horas por semana) e en cuarto (tres horas por semana). Os currículos son amplos e cun nivel de contidos significativo, con potenciación do traballo nas 4 destrezas básicas (comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita) e unha iniciación á actividade lingüística de mediación, tal como a concibe o MCERL.

Tamén se promove nesta etapa a aprendizaxe de linguas estranxeiras mediante os programas de formación lingüística en España e no estranxeiro, o programa CUALE, os auxiliares de conversa e, sobre todo, o ensino CLIL.

2.1.4 Bacharelato

Nesta etapa, a primeira lingua dispón de tres horas por semana e impártese, así mesmo, unha segunda lingua estranxeira optativa cunha dedicación horaria de catro horas á semana.

2.1.5 Formación profesional

Nos ciclos formativos de formación profesional incluíase a lingua estranxeira no seu currículo tan só cando o perfil profesional o requiría; por exemplo, nos ciclos de hostalaría e turismo.

Dende o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG do 12/07/10) as linguas estranxeiras ocupan o lugar que lles debe corresponder no currículo da formación profesional. Así, ao abeiro do Artigo 16º do citado Decreto, ademais de abrir a posibilidade de toda acción dirixida á mellora da competencia en linguas estranxeiras en prol dunha óptima inserción laboral, dáse a posibilidade de impartir certos módulos nunha lingua estranxeira seguindo a metodoloxía AICLE/CLIL, sempre que o seu profesorado acredite un nivel B2 no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

En definitiva, a presenza das linguas oficiais de Galicia e das linguas estranxeiras representa unha proporción moi importante do horario lectivo do alum-

nado de ensinanzas non universitarias, tal e como se reflicte na táboa seguinte:

Materia	Ed. Primaria						Educación secundaria obrigatoria (ESO)				Bacharelato	
	1º ciclo		2º ciclo		3º ciclo		1º	2º	3º	4º	1º	2º
	1º	2º	3º	4º	5º	6º						
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3	4	3	3	3	3	3
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3	4	3	3	3	3	3
1ª Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3	3	3	3	3	3	3
2ª Lingua estranxeira	–	–	–	–	–	–	2	2	2	3	4	4
Horario semanal	25	25	25	25	25	25	32	32	32	32	32	32
Horas linguas	10	10	11	11	11	9	13	11	9/11	9/12	9/13	9/13
% horario/linguas	40	40	44	44	44	36	41	34	28/34	28/37	28/41	28/41

2.2 As seccións bilingües

Enténdese por “sección bilingüe” a organización da ensinanza dunha área ou materia do currículo para ser impartida e cursada polo alumnado dun grupo de xeito bilingüe, é dicir, nunha lingua estranxeira, ademais de en galego ou castelán.

Esta organización responde á aplicación dunha metodoloxía AICLE/CLIL, que significa aprendizaxe integrada de lingua e contido e que en Galicia ten por finalidade reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira, a través da incorporación parcial do seu uso como instrumento de aprendizaxe e vehículo de comunicación na materia, así como da adquisición da terminoloxía específica.

O ensino bilingüe, como sección bilingüe, xa se incorporou en Galicia como fórmula experimental no curso académico 1999–2000 e, desde ese ano, veu-se incrementando progresivamente o número de centros, de grupos, de alumnado e de profesorado que participan nesta fórmula de potenciación das competencias nunha lingua estranxeira, nas diferentes etapas do sistema educativo non universitario.

Na actualidade, as seccións bilingües contribúen a afondar no coñecemento do idioma, maioritariamente o inglés, pero non teñen asegurada unha continuidade nin o requisito de comezar ao inicio dun ciclo ou dunha etapa. Tampouco conducen a unha certificación de nivel do MCERL. Actualmente o profesorado debe estar en posesión dun nivel de lingua equivalente ao B1 ou demostralo mediante unha proba. Existe un sistema de apoio aos centros, tanto económico como de recursos.

2.3 Actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado

Consiste en estadías en países de fala inglesa, francesa ou alemá para alumnado de ESO ou bacharelato. Ten unha gran demanda (entre tres e catro solicitudes por praza). Tamén hai estadías en ambientes do idioma escollido, pero dentro de España, dirixidas a alumnado de terceiro ciclo de educación primaria.

En 2009 convocáronse 475 prazas de educación primaria e 2550 de secundaria obrigatoria e bacharelato. O investimento estaba arredor dos catro millóns de euros.

2.4 Programa CUALE

Proporciona formación complementaria de linguas estranxeiras, tanto a alumnado como a profesorado, seguindo os niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Lévese a cabo dentro do propio centro, fóra do horario lectivo xeral.

Este programa está implantado en educación secundaria e en ciclos formativos. Incrementa a competencia en idiomas do alumnado e facilita que se presente á certificación na EE.OO.II. dentro das probas libres.

No curso 2009–2010 participaron neste programa 704 alumnos e alumnas de ESO e 148 de ciclos formativos, e coa actualización do programa a través da Orde do 3 de xuño de 2010 (DOG do 11 de xuño), o alumnado de bacharelato accede no curso 2010–2011 a esta formación en niveis B1 e B2, establecidos polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

2.5 Programa PALE

Está dirixido tanto ao profesorado de materias non lingüísticas que imparte docencia nas seccións bilingües como a profesorado especialista.

Este programa conta en 2009–2010 con dous posibles itinerarios, un en tres fases e outro en dúas. O primeiro consta de: unha primeira fase que consiste nun curso intensivo que dura un mes e que se imparte nas EE.OO.II.; durante ese período o profesorado participante é liberado de docencia e substituído na súa actividade no centro; a segunda fase consiste nunha estadía formativa no estranxeiro por un período de tres semanas; e, por último, durante a terceira fase os profesores participantes teñen que elaborar recursos para o ensino da súa materia na correspondente lingua estranxeira.

O itinerario formativo en dúas fases abrangue unha estadía no estranxeiro durante o verán e unha segunda fase de produción de materiais con repercusión na aula.

2.6 Proxectos internacionais

Na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa existe a Unidade de Programas Europeos que xunto co OAPEE (Organismo Autónomo de Programas Europeos) tramita as accións descentralizadas do principal programa europeo educativo: o PAP (Programa de Aprendizaxe Permanente). Estas vinte e sete accións desenvolven os cursos, proxectos e iniciativas europeas á disposición dos profesores e centros galegos.

Os principais programas son:

- **Comenius:** para todas as persoas implicadas en educación infantil, primaria e secundaria.
- **Mobilidade alumnado Comenius.**
- **Grundtvig:** para todas as persoas implicadas en educación de adultos.
- **Leonardo da Vinci:** para todos os axentes participantes en formación profesional.
- **Erasmus:** para todos os participantes no ensino superior e formación profesional de grao superior.
- **Programa Transversal:** Visitas de Estudo, Proxectos multilaterais, Proxectos de Investigación, etc.

Ademais do Programa PAP existen outros programas educativos europeos e internacionais xestionados a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como as Bolsas do Consello de Europa, dirixidas a profesores e técnicos do sistema educativo, de niveis non universitarios, que estean traballando en temas relacionados cos cursos que se soliciten.

O alumnado matriculado en ciclos de grao medio e superior de formación profesional que estableza contacto de maneira directa co centro de traballo fóra do Estado español, terá a posibilidade de acollerse ás axudas económicas que convoca a Xunta de Galicia para favorecer a formación práctica en centros de traballo, tanto dentro coma fóra do Estado español (DOG do 3 de maio de 2010).

Claramente, as situacións de mobilidade internacional favorecen a potenciación do plurilingüismo e da interculturalidade. O alumnado galego favorecido por estas axudas oríentase máis a Europa (241 persoas en 2009–2010)

que a outros países estranxeiros (7 persoas). Os países máis visitados, en estancias de entre un e tres meses, son Irlanda e Francia.

Outros programas e accións:

- **Portfolio.** O proxecto Portfolio Europeo das Linguas (PEL) é un instrumento imprescindible dende 2007 para a aplicación na práctica do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas (MCERL). Esta Consellería teno personalizado para a nosa Comunidade e resulta moi útil tanto no ensino de réxime ordinario coma no especial.
- **Europass.** É un expediente persoal que os cidadáns poden utilizar dende 2004 para comunicaren e presentaren de xeito claro e sinxelo as aptitudes, as titulacións e certificacións adquiridas ao longo da vida en toda Europa, sempre que se desexe buscar traballo ou solicitar a admisión nalgún programa educativo ou formativo.
- **e-Twinning.** É unha acción educativa que funciona como medida de acompañamento de Comenius. O seu obxectivo é promover e facilitar o contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesorado e alumnado dos países que participan en e-Twinning, mediante o uso das TIC.

2.7 As Escolas Oficiais de Idiomas

As Escolas Oficiais de Idiomas (EE.OO.II.) constitúen un importante instrumento na aprendizaxe das linguas estranxeiras, xa que ofrecen unha formación especializada en linguas destinada, sobre todo, á poboación adulta.

España é o único país da Unión Europea que dispón dunha institución de ensinanza pública de linguas, as Escolas Oficiais de Idiomas, con capacidade certificadora. Esta tipoloxía de centros de formación iniciou a súa andaina en 1911 coa creación da Escola de Madrid, baixo a denominación de Escola Central de Idiomas, centro docente de carácter oficial e financiado con recursos públicos e que despois se espallou progresivamente por toda España.

Na Comunidade Autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente Escolas Oficiais de Idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. A primeira foi a da Coruña, creada no ano 1969, e no curso 2009–2010 existía xa unha rede de 11 escolas, das que dependían 18 seccións, ademais da oferta da modalidade semipresencial de inglés a través do programa “That’s English!” en 22 centros (EE.OO.II. e IES) do territorio galego, o que posibilita o estudo do inglés a distancia.

As ensinanzas que imparten as EE.OO.II., que xorden cun carácter marcadamente instrumental (ben para completar a formación xa adquirida ou ben

para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), experimentaron diversos cambios ao longo do tempo. Na actualidade, froito da adaptación ao MCERL, a LOE estableceu que as ensinanzas regradas que se viñan impartindo en cinco cursos se estruturen agora en seis, a través de tres niveis de dous cursos cada un (básico, intermedio e avanzado). Aquelas persoas que superen cada un dos niveis reciben a certificación correspondente.

A tipoloxía do alumnado das Escolas Oficiais de Idiomas pódese encadrar nos seguintes grupos:

- Persoas adultas. A oferta está pensada para toda a cidadanía que procure unha formación permanente en idiomas e, ao contar con certificacións oficiais, é especialmente útil para os ámbitos universitario e laboral.
- Alumnado pertencente ás ensinanzas de réxime xeral. Aquelas persoas maiores de 16 anos que estean cursando ensino de réxime xeral poden completar ou compaxinar a súa formación en idiomas. Así mesmo, a partir dos 14 anos poderán perfeccionar na EOI calquera lingua que non sexa a cursada como primeira lingua estranxeira en ESO.

A oferta educativa das EE.OO.II. e das súas seccións, no curso 2009–2010 foi a seguinte (resaltada en sombreado gris):

ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS. OFERTA EDUCATIVA											
Idioma	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Monforte	Ribadeo	Viveiro	Ourense	Pontevedra	Vigo	Vilagarcía
Alemán											
Árabe											
Chinés											
Español para estranxeiros											
Francés											
Galego											
Inglés											
Italiano											
Portugués											
Ruso											
Xaponés											

2.7.1 Actuacións nas EE.OO.II. de Galicia no curso 2009–2010

- No curso 2009–2010, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emprendeu unha acción destinada a mellorar a eficiencia nas escolas de idiomas que fixo posible que nese curso o alumnado de EE.OO.II. ascende-se a 26.582, aumentando globalmente en 3.351 alumnos, o que represen-

ta un 16.37% de incremento en relación ao curso anterior. Ao mesmo tempo, cabe constatar que a oferta educativa se incrementou nese curso con:

- Aumento do número de grupos, que pasan de 1.204 no curso anterior a 1.317, o que constitúe un aumento do 9,39%.
- Aumento na oferta adicional de cursos de formación específica (cursos de formación do profesorado, cursos de galego para exames CELGA, cursos específicos para colectivos profesionais, etc.), que pasou de 90 cursos no ano anterior a 182 no curso 2009–2010.

A oferta de cursos non ordinarios aplicouse nos seguintes ámbitos:

- Cursos de carácter gratuíto para sectores profesionais de comercio e turismo.
- Cursos preparatorios dos certificados Celga.
- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior.
- Cursos de formación do profesorado.
- Cursos de apoio lingüístico no programa PALE para o profesorado.
- Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

En definitiva, a Administración educativa fomenta que as Escolas Oficiais de Idiomas desempeñen socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía.

PARTE II

PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

Logo de analizar o estado do sistema educativo de Galicia en relación coas competencias en lingua estranxeira do profesorado e do alumnado, así como das debilidades que presentan moitas das accións que se están a desenvolver, e co fin de lograr un uso máis eficiente dos recursos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera necesario elaborar un plan que, partindo da situación actual, desenvolva unha serie de accións de formación en linguas estranxeiras conducente a mellorar a competencia nelas do alumnado e do profesorado, que se alongue no ensino de adultos e se inclúa nas directrices de formación ao longo da vida.

Partindo, xa que logo, deste escenario, defínense uns obxectivos claros e estratéxicos e establécense medidas realistas para os cumprir

1 OBXECTIVO XERAL

Que o alumnado, ao remate da súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente inglés, que lle permitan ser un usuario independente dela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, así como dotar progresivamente o profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación do alumnado.

2 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Para poder alcanzar o referido obxectivo, é necesario que desde a Administración educativa se actúe nos seguintes ámbitos:

- **Centros educativos.** Deberán ser sensibles ao obxectivo establecido. Polo tanto, a súa participación no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras, en principio, será voluntario e froito da súa propia convicción.


- **Profesorado.** Deberá estar formado convenientemente para que se sinta seguro e cómodo impartindo a súa materia nunha lingua estranxeira, así como para que se involucre moi activamente no proxecto, sendo un promotor deste.
- **Alumnado.** Deberá experimentar interese por realizar as súas aprendizaxes nunha lingua estranxeira e mesmo sentirse orgulloso de o facer.
- **Familias.** Deberán colaborar co centro educativo e co seu profesorado no desenvolvemento do plan e sentirse satisfeitas polo progreso dos seus fillos e fillas no dominio e no uso da lingua ou das linguas estranxeiras que estean a aprender.

Nestes ámbitos de actuación, a Administración educativa de Galicia fíxase os seguintes obxectivos estratéxicos (fig. 1):

- Obxectivos para os centros educativos:
 - Crear, de xeito progresivo, centros plurilingües na rede de centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica.
 - Favorecer a participación activa dos centros educativos no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras.
 - Promover a mellora das competencias lingüísticas dos cidadáns en linguas estranxeiras, principalmente inglés, a través das Escolas Oficias de Idiomas.
- Obxectivos para o profesorado:
 - Facilitar ao profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras accións de formación para a mellora das súas competencias didácticas e comunicativas.
 - Establecer itinerarios formativos que promovan a formación do profesorado de Galicia en linguas estranxeiras.
 - Realizar procesos de avaliación e acreditación das competencias en linguas estranxeiras que posúa o profesorado do sistema educativo non universitario de Galicia.
 - Facilitar ao profesorado non especialista en linguas estranxeiras accións de formación para que poida adquirir o grao de competencias equivalentes a B2 no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
 - Habilitar o profesorado que presenta adecuadas competencias lingüísticas orais e escritas en lingua estranxeira, para a súa participación nos centros plurilingües e nas seccións bilingües.

- Obxectivos para o alumnado:
 - Lograr que o alumnado sexa competente e autónomo no uso, como mínimo, dunha lingua estranxeira.
 - Promover a certificación do alumnado no dominio das competencias lingüísticas que posúe, a través de axentes avaliadores externos ao centro educativo.
 - Potenciar a participación nos proxectos europeos para mellorar as súas competencias lingüísticas.
 - Favorecer a mobilidade do alumnado fóra das nosas fronteiras para a mellora das súas estratexias lingüísticas, de xeito que poida ver incrementadas as súas oportunidades de aprendizaxe ou de inserción laboral, se é o caso.
- Obxectivos para as familias:
 - Informalas sobre as vantaxes na formación dos seus fillos en competencias orais e escritas de varias linguas.
 - Promover a súa participación e colaboración co centro educativo e co profesorado na implantación e no desenvolvemento do Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras.

Fig. 1. Lograr que o noso alumnado sexa independente no uso dunha ou varias linguas estranxeiras esixe un óptimo artellamento e comunicación de centros, profesorado e familias.



3 EIXES DO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

Para lograr os obxectivos previstos, o Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras de Galicia establece unha serie de medidas e accións, que se vertebran nos seguintes eixes de intervención:

EIXES E MEDIDAS DO PLAN DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS		
EIXE 1 CENTROS EDUCATIVOS	1	Seccións bilingües
	2	Transformación de seccións bilingües en centros plurilingües
	3	Creación da rede de centros plurilingües
	4	Dotación de auxiliares de conversa
	5	Profesorado visitante
	6	EE.OO.II.
EIXE 2 ALUMNADO	7	Actividades de formación en linguas estranxeiras
	8	Programas educativos internacionais
EIXE 3 PROFESORADO	9	Formación permanente do profesorado
	10	Programas educativos internacionais
ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS	11	Accións dirixidas a promover o PPLE
	12	Avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias lingüísticas
	13	Seguimento e avaliación do PPLE

3.1 EIXE PRIMEIRO. Centros educativos

No primeiro dos ámbitos, partindo da recomendación da Comisión Europea na que se insta aos centros educativos a promoveren un ensino favorable ás linguas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece unha serie de medidas encamiñadas a este logro, ben de forma directa, ben a través de convenios e acordos con institucións nacionais e internacionais (fig. 2), xa que unha óptima competencia lingüística mellora extraordinariamente a comprensión doutras áreas e materias e, por tanto, debe ser obxecto tanto das actividades curriculares como das non curriculares.

3.1.1 Seccións bilingües

Unha sección bilingüe, de conformidade co que se establece na Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de Seccións Bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario de Galicia (DOG do 7 de maio), é a organización da ensinanza dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que cursa un grupo de alumnado dun xeito bilingüe: en galego ou castelán, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que, á súa vez, é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas. A súa finalidade é reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área, na materia ou no módulo en que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica.

É indubidable que as seccións bilingües autorizadas que están en activo nos centros educativos de Galicia están contribuíndo á mellora das competencias lingüísticas do alumnado que participa nelas e, polo tanto, procede darlles continuidade. Non obstante, para alcanzar o obxectivo que se establece neste Plan de Potenciación das linguas estranxeiras, en relación coas seccións bilingües, é necesario:

- Redefinir as condicións e os requisitos para que se poidan crear novas seccións bilingües nos centros educativos, en todas as etapas educativas.
- Desenvolver procesos para a mellora da calidade nas seccións bilingües que están en funcionamento.

Polo tanto, a mellora da Rede de Seccións Bilingües require:


- Establecer un novo marco normativo para as seccións bilingües, que concrete o protocolo de creación de novas seccións, e que requira do profesorado un nivel de competencias na lingua estranxeira na que se vaia impartir a materia, equivalente ao nivel B2 do MCERL.

- Acreditar e/ou habilitar, se é o caso, o profesorado das seccións bilingües que vaia participar no plan.
- Diseñar e desenvolver un plan de formación do profesorado para a actualización e a mellora das competencias lingüísticas e didácticas dos docentes participantes, de xeito que se garanta a calidade e a excelencia do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Dotar ao centro con seccións bilingües dos recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- Diseñar e desenvolver un proceso de seguimento e avaliación do plan que requirirá, así mesmo, a implicación do servizo de inspección formada e cualificada para este efecto.

ACCÍONS

- 1) Diseño dun novo marco normativo para as seccións bilingües que regule a creación de novas seccións e a mellora das que xa están en funcionamento.
- 2) Oferta dun plan de formación do profesorado que participa no ensino bilingüe para a mellora das súas competencias lingüísticas e didácticas e a súa posterior acreditación ou, de ser o caso, habilitación.
- 3) Regulación da acreditación/habilitación do profesorado das seccións bilingües que vaia participar no plan.

Fig. 2. Medidas estratéxicas para a potenciación das linguas estranxeiras desde os centros.



- 4) Oferta específica de prazas para profesorado nos centros con seccións bilingües.
- 5) Dotación de recursos aos centros que participan no plan para o seu correcto funcionamento.
- 6) Organización de encontros, xornadas e espazos de traballo en rede para a óptima colaboración do profesorado dos distintos centros con programa AICLE/CLIL.
- 7) Deseño e aplicación dun proceso de seguimento e avaliación do plan que requirirá, así mesmo, a implicación do servizo de inspección formada e cualificada para este efecto.
- 8) Asesoramento para a integración do Portfolio das linguas e do Europass (subliñando este segundo caso para o alumnado de FP) nas actividades e na metodoloxía aplicada ás seccións.

3.1.2 Transformación dos centros con seccións bilingües en centros plurilingües

Un centro plurilingüe será aquel que imparta ata un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos nunha lingua estranxeira. Para tal efecto, ampliarase a presenza da lingua estranxeira no horario lectivo do alumnado, ao impartirse outras áreas ou materias nesta lingua.

Lograr que un centro sexa completamente plurilingüe require unha implantación progresiva, curso a curso, da lingua estranxeira. Polo tanto, deberase iniciar o proceso polo primeiro curso de cada etapa educativa (1º de educación primaria, 1º de educación secundaria, ou ambos cando o centro así o permita).

A incorporación dos centros a este plan será de carácter voluntario. A Administración educativa regulamentará o proceso, que requirirá, entre outros aspectos:

- Que exista suficiente profesorado disposto a impartir docencia da súa materia en lingua estranxeira, así como profesorado especialista da lingua estranxeira disposto a participar.
- Que o profesorado teña unhas competencias lingüísticas acreditadas equivalentes ao nivel B2 do MCERL, ou que poida habilitarse a través do procedemento que se estableza ao efecto pola Administración educativa de Galicia.
- Que toda a comunidade educativa coñeza e se implique máis no Programa de Seccións Bilingües.
- Que o plan de potenciación que presente o equipo directivo do centro sexa aprobado polo Consello Escolar do Centro.

- Que o plan do centro, cumprindo os requisitos anteriormente indicados, sexa autorizado pola Administración educativa considerando a súa viabilidade e desenvolvemento ao longo de toda a etapa, así como a progresión do alumnado nas seguintes etapas educativas, mesmo noutro centro plurilingüe, se é o caso.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria favorecerá a transformación progresiva de seccións bilingües en centros plurilingües. Para isto, promoverá accións específicas de formación do profesorado e de acreditación e habilitación das súas competencias lingüísticas, a participación de auxiliares de conversa e outros apoios necesarios.

ACCÍONS

- 1) Deseño dun marco normativo que regule a implantación voluntaria do plan de centros plurilingües e o seu desenvolvemento progresivo.
- 2) Deseño dun novo marco normativo para es seccións bilingües que regule a paulatina transformación dos centros con seccións bilingües en centros plurilingües.
- 3) Articulación de accións específicas de formación do profesorado e de equipos directivos para a consecución da transformación progresiva de centros con seccións bilingües en centros plurilingües.

3.1.3 Creación dunha rede de Centros Plurilingües

A creación desta tipoloxía de centros enmárcase, pois, nas medidas de potenciación da innovación educativa e da calidade no ensino público de Galicia que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a promover, e nace coa finalidade de dotar o alumnado dunha ampla competencia lingüística e comunicativa na lingua estranxeira.

OBXECTIVOS

- Establecer o marco normativo que regule os centros plurilingües, así como o procedemento de incorporación e transformación dos centros actuais en centros plurilingües.
- Acreditar/Habilitar, se é o caso, o profesorado dos centros plurilingües que vaia participar no plan.
- Diseñar e desenvolver un plan de formación do profesorado para a actualización e mellora das competencias lingüísticas e didácticas do profesorado participante, de xeito que se garanta a calidade e a excelencia do proceso de ensino e aprendizaxe.

- Establecer no centro plurilingüe a figura de profesorado coordinador do plan, que ademais de velar polo seu bo desenvolvemento, deberá apoiar o alumnado en relación coas destrezas orais.
- Dotar o centro plurilingüe dos recursos necesarios para o correcto desenvolvemento do plan.
- Diseñar e desenvolver un proceso de seguimento e avaliación do plan que requirirá, así mesmo, a implicación do servizo de inspección, formada e cualificada para ese efecto.

ACCIÓNNS

- 1) Mantemento do marco normativo para o regulamento da implantación voluntaria do plan de centros plurilingües e o seu desenvolvemento progresivo.
- 2) Regulación da acreditación/habilitación do profesorado que vaia participar no plan.
- 3) Organización de encontros, xornadas e espazos de traballo en rede para a óptima colaboración do profesorado dos distintos centros con programas AICLE/CLIL.
- 4) Asesoramento para a integración do Portfolio das linguas e do Europass (subliñando este segundo caso para o alumnado de FP) nas actividades e na metodoloxía aplicada ás seccións.

3.1.4 Dotación de auxiliares de conversa

O auxiliar de conversa asiste ao profesorado titular e as súas funcións específicas van encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado en lingua inglesa, francesa, alemá, portuguesa ou chinesa, fundamentalmente. Agora ben, a persoa auxiliar non ten plena competencia docente, nin debe ser responsable da avaliación, a cualificación, nin a vixilancia dos alumnos dentro ou fóra da aula.

OBXECTIVOS

- Reforzar as competencias en lingua estranxeira, fundamentalmente as destrezas orais, do alumnado.
- Promover o entendemento cultural.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe da persoa auxiliar e do conxunto de países que comparten a súa lingua.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado polo galego e o castelán e pola súa cultura a través da interculturalidade e o plurilingüismo.

- Promover iniciativas de formación e apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material orixinal dos seus países de procedencia.

ACCIONES

- 1) Dotación de auxiliares de conversa a centros de educación primaria e de secundaria mediante a ampliación da ratio do convenio co Ministerio de Educación.
- 2) Réxime lectivo compartido entre varios centros que estean próximos, dependendo das posibilidades de mobilidade na localidade de referencia do auxiliar, para que a maior cantidade de alumnado posible se vexa beneficiado por este servizo.
- 3) Xornadas de acollida e formación para equipos directivos, coordinadores das seccións bilingües e centros plurilingües e auxiliares de conversa.
- 4) Instrucións no proceso de tramitación da documentación para a viaxe das persoas auxiliares.
- 5) Incorporación dunha cobertura sanitaria para as persoas auxiliares non comunitarias.
- 6) Coordinación entre os equipos directivos, os coordinadores das seccións bilingües e centros plurilingües e os auxiliares de conversa para unha integración adecuada na comunidade educativa e na súa vida laboral.
- 7) Incorporación de estudantes de programas internacionais das universidades galegas no programa de auxiliares de conversa.

3.1.5 Profesorado visitante

A partir do curso 2011–2012 a Xunta de Galicia participará no novo programa de profesorado visitante, en cooperación co Ministerio de Educación. Este profesorado pode ser tanto especialista nunha materia específica non lingüística que o centro requira, na medida das posibilidades de selección e asignación, coma especialista no ensino da lingua estranxeira. Os niveis nos que traballarán serán a educación primaria e a secundaria obrigatoria.

As condicións determinaranse nos convenios específicos que subscriban as entidades implicadas.

OBJECTIVOS

- Afondar na aprendizaxe da lingua estranxeira que corresponda.
- Fomentar a mellora da calidade do ensino en programas plurilingües.

- Impulsar a interculturalidade e a innovación educativa a través da mobilidade do profesorado.

ACCIÓNS

- 1) Escoller os centros adxudicatarios para o Ministerio de Educación.
- 2) Inspeccionar o programa curricular, facendo especial fincapé na metodoloxía de traballo da persoa visitante e máis do seu departamento, do seu equipo de sección (cando corresponda) e do seu centro educativo.

3.1.6 Escolas Oficiais de Idiomas

As EE.OO.II. de Galicia, ademais da formación regrada, desenvolverán actividades de formación dirixidas a colectivos profesionais, dándolles prioridade en todo caso ás actividades de formación que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria planifique para o profesorado galego.

Así mesmo, as EE.OO.II. levarán a cabo accións de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias en linguas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine.

OBXECTIVOS

- Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas a través das Escolas Oficiais de Idiomas e asegurar a coordinación destas cos outros organismos de formación permanente.
- Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MCERL co fin de que a sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.
- Promover o uso do Portfolio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.
- Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.

ACCIÓNS

- 1) Mantemento da articulación para a oferta de idiomas, tanto presencial coma a distancia.
- 2) Deseño dun novo marco normativo para o mantemento e ampliación de cursos non ordinarios en EE.OO.II. para atender necesidades específicas de formación de distintos colectivos profesionais, incluído o profesorado de ensino bilingüe e plurilingüe.

- 3) Posta en marcha de procesos de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias con equivalencias no Marco Común Europeo de Referencia.
- 4) Impulso e difusión do Portfolio das Linguas entre as persoas adultas para a súa aplicación eficiente no recoñecemento das destrezas idiomáticas no contexto laboral.
- 5) Promoción de actividades que lles ofrezan aos estudantes adultos a posibilidade de estableceren relacións de interculturalidade.
- 6) Difusión de materiais de autoaprendizaxe en rede.

3.2 EIXE SEGUNDO. O alumnado

O alumnado é o principal referente deste Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras. Polo tanto, a mellora da competencia en linguas deberá lograla este colectivo, basicamente a través da formación que recibe nos centros educativos, en particular nos Centros Plurilingües e nas Seccións Bilingües, pero tamén mediante outras accións que se promovan pola Administración educativa e outras institucións (fig. 3).


3.2.1 Formación complementaria para a aprendizaxe das linguas estranxeiras

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia presenta programas de formación complementaria para a aprendizaxe das linguas estranxeiras tanto dende actividades temporais e intensivas coma coa formación continua non formal destas linguas.

Actividades de formación en linguas estranxeiras

Para formarse en linguas estranxeiras, o alumnado pode participar en actividades nas que se incorpora durante un determinado período de tempo a ambientes nos que se usa a lingua estranxeira, co obxecto de mellorar as súas

Fig. 3. Medidas estratéxicas para a formación do alumnado en linguas estranxeiras.



destrezas lingüísticas. Desenvólvese noutro país ou en España (en contextos apropiados para esta finalidade).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promove a participación do alumnado en procesos de formación lingüística coa finalidade de afianzar as competencias adquiridas na escolarización previa. Xa que logo, terá preferencia para participar nestes procesos aquel alumnado que posúa un nivel de competencias na lingua estranxeira que lle permita a comunicación durante a súa estadía e, particularmente, o alumnado de Centros Plurilingües e das Seccións Bilingües.

A Administración educativa de Galicia favorecerá a certificación do nivel de competencia dos participantes en procesos de formación en linguas estranxeiras.

OBXECTIVOS

- Motivar o alumnado cara ao estudo das linguas estranxeiras.
- Mellorar a competencia en comunicación lingüística.
- Fomentar a adquisición da consciencia intercultural.

ACCIÓNS

- 1) Elaboración da orde de convocatoria das axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de formación en linguas estranxeiras.
- 2) Organización de programas de formación en linguas estranxeiras nos territorios nacional e internacional en colaboración con institucións dedicadas ao ensino de idiomas.
- 3) Difusión entre todo o alumnado dos itinerarios formativos en linguas estranxeiras e o seu funcionamento.
- 4) Artellamento das funcións de asesoramento a profesorado, centros e comunidade educativa.

Programa CUALE

Este programa regúlase na Orde do 3 de xuño de 2010 (DOG do 11 de xuño), que establece as condicións de impartición e aprendizaxe de linguas estranxeiras no marco dunha formación complementaria e voluntaria fóra do horario lectivo.

OBXECTIVOS

- Fomentar a realidade plurilingüe nos centros educativos aproveitando os seus propios recursos.

- Achegar o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) e os novos niveis de competencia ao alumnado.
- Reforzar entre o profesorado especialista a concepción das linguas segundo o MCERL.
- Preparar o alumnado para que poida examinarse por libre dos correspondentes niveis ou converterse en futuro alumnado das EE.OO.II.

ACCIÓNNS

- 1) Revisión da normativa que regula o programa para asegurar un bo mantemento da oferta de modalidades e as súas condicións.
- 2) Difusión do programa na comunidade educativa a través dunha óptima coordinación cos centros educativos de ensino secundario e de formación profesional
- 3) Posta en marcha de procesos de selección, impartición, avaliación e acreditación de nivel, no programa CUALE.
- 4) Artellamento de canles comunicativas coas EE.OO.II. para a correcta orientación ao colectivo CUALE á hora de certificar os niveis do MCERL.
- 5) Organización de actividades de formación para o profesorado que imparte CUALE.

3.2.2 Programas educativos internacionais

Programas educativos da Unión Europea: Comenius, Grundtvig, Leonardo da Vinci, Erasmus e Twinning

OBXECTIVOS

- Fomentar a participación en proxectos internacionais e, en consecuencia, en ámbitos interculturais, grazas á posibilidade de facto de mobilidade do alumnado, tanto en período lectivo coma no vacacional.
- Establecer vías de comunicación entre o alumnado da nosa comunidade e o doutros países.
- Promover a cooperación con outras entidades, organismos e institucións europeas para potenciar a creatividade, empregabilidade e crecemento do espírito empresarial.
- Favorecer unha maior participación de persoas de diferentes idades e contextos culturais no Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP) e nos programas educativos internacionais, de tal xeito que o factor socioeconómico non constituía un impedimento para a formación e a participación activa na sociedade europea.

- Contribuír á aprendizaxe de distintas linguas e culturas.

ACCIÓNS

- 1) Difusión das distintas convocatorias e asesoramento aos centros.
- 2) Desenvolvemento dun programa Leonardo para alumnos de FP de cara a realizar a FCT (formación en centros de traballo) en países estranxeiros.
- 3) Presentación dun programa Comenius Regio coa Illa de Madeira (Portugal) na área de música tradicional.
- 4) Promoción de irmandamentos e intercambios entre centros de diferentes países.
- 5) Procura de consorcios, convenios e acordos de cooperación educativa con organismos e autoridades educativas doutros países para a promoción de programas educativos.
- 6) Coordinación cos centros e coa Inspección educativa para que se produza unha correcta incorporación destas accións ás programacións didácticas de centro (pondo énfase na lingua, no uso das tecnoloxías da información e da comunicación e na educación en valores) por parte do alumnado.

3.3 EIXE TERCEIRO. O profesorado

O profesorado é un elemento imprescindible para o desenvolvemento do Plan Galego de Potenciación de Linguas Estranxeiras. Deberá, pois, dispor das competencias e das destrezas comunicativas, académicas e metodolóxicas necesarias para a impartición da ensinanza nunha lingua estranxeira, con criterios de calidade. Isto sería desexable en todos os centros educativos de Galicia, pero particularmente nos Centros Plurilingües e nas Seccións Bilingües, así como nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Neste Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras participará o profesorado especialista e o non especialista. Por isto, as accións da Administración educativa en relación co profesorado (fig. 4) deseñáronse tendo en consideración as funcións de cada colectivo, así como o nivel de competencias que posúen en lingua estranxeira.

No deseño das accións formativas do profesorado que participe neste Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras, establécense itinerarios formativos, de xeito que para poder participar nunha determinada actividade se acredite ter adquiridas as competencias desenvolvidas nunha acción anterior. En definitiva, é un proceso de acumulación progresiva de competencias, deseñado especificamente. Así, a participación en actividades de formación en linguas estranxeiras financiadas pola Administración educativa, noutros países e en

España, só será posible cando se acredite un nivel de competencia suficiente para manter unha comunicación fluída no idioma correspondente .

3.3.1 Formación permanente do profesorado. PALE e outras actividades

Profesorado especialista

O plan establece as seguintes accións formativas:

- Actividades de formación en didáctica das linguas estranxeiras.
- Actividades de intercambio de boas prácticas e difusión destas a través da rede.
- Creación de materiais didácticos para a súa aplicación nas aulas.
- Estadías formativas en institucións estranxeiras de prestixio, acordos sempre coa procura ou reforzo das competencias lingüísticas que corresponda.
- Participación en accións complementarias e de mobilidade que favorezan a mellora das competencias lingüísticas

Profesorado non especialista

O profesorado que imparta contidos doutras materias do currículo en lingua estranxeira terá a oportunidade de actualizar as súas capacidades lingüísticas e docentes, para o que poderá participar en:

- Actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e outras institucións, para un afondamento nas ensinanzas integradas de lingua e contidos.
- Estadías e cursos de formación na lingua estranxeira que corresponda.
- Aprendizaxe non presencial mediante o apoio da rede.
- Creación de materiais didácticos para a súa aplicación nas aulas.

No desenvolvemento da súa actividade nos Centros Plurilingües e nas Seccións Bilingües promoverase o asesoramento ao profesorado non especialista por parte do profesorado especialista que coordine os labores do programa no centro.

Para optar a participar nos diferentes itinerarios de formación, o profesorado deberá acreditar o nivel de competencias que posúe, de acordo cos procedementos que estableza a Consellería.

Terá tamén especial relevancia á hora da selección dos participantes a asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado relacionadas con linguas estranxeiras, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.

O profesorado das linguas oficiais, galego e castelán, e doutras linguas que non sexan da especialidade atendida no itinerario, tamén poderán acceder a unha oferta específica de formación, de tal maneira que nos seus centros se promova o plurilingüismo como competencia que permita superar a fragmentación escolar das distintas linguas e favoreza a sinerxía entre as ensinanzas lingüísticas e a interacción intercultural.

OBXECTIVOS

- Fomentar novos tipos de formación docente atendendo aos novos perfís do profesorado.
- Favorecer a adquisición da competencia plurilingüe.
- Favorecer o desenvolvemento da consciencia intercultural, a través da relación con docentes e centros doutros países e a adquisición de diversos métodos e enfoques para a creación de materiais e actividades.

ACCIÓNNS

- 1) Regulación dos itinerarios formativos que se van seguir.
- 2) Difusión e asesoramento para unha óptima participación nos itinerarios formativos.
- 3) Fortalecemento das canles comunicativas en rede para a creación de materiais e a asunción doutras experiencias docentes.
- 4) Regulación da acreditación/habilitación do profesorado das seccións bilingües que vaia participar no plan.

3.3.2 Programas educativos internacionais

Programas: Comenius, Grundtvig, Leonardo da Vinci, Erasmus, Programa Transversal e Bolsas do Consello de Europa


OBXECTIVOS

- Fomentar a construción de proxectos internacionais e, en consecuencia, en intercambios culturais, grazas á posibilidade de mobilidade do profesorado, tanto en período lectivo coma no vacacional.
- Establecer vías de comunicación entre o persoal docente da nosa comunidade e o doutros países.
- Promover a cooperación con outras entidades, organismos e institucións europeas para potenciar a creatividade e crecemento do espírito empresarial.
- Contribuír á aprendizaxe e coñecemento de distintas linguas e culturas.

ACCIÓNS

- 1) Difusión das distintas convocatorias e asesoramento aos centros.
- 2) Procura de consorcios, convenios e acordos de cooperación educativa con organismos e autoridades educativas doutros países para a promoción de programas educativos.
- 3) Coordinación cos centros, co profesorado implicado e coa Inspección educativa para que se produza unha correcta incorporación destas accións ás programacións didácticas de centro.

Fig. 3. A mellora comunicativa e didáctica do profesorado en linguas estranxeiras é un obxectivo imprescindible para aumentar a calidade da nosa oferta educativa e, polo tanto, as posibilidades do alumnado galego.



- 4) Presentación dun programa Comenius Regio coa Rexión de Devon (Reino Unido) na área de novas tecnoloxías e TIC.
- 5) Celebración de xornadas de programas europeos co profesorado.
- 6) Integración do Europass e do Portfolio nas estruturas administrativas da nosa Comunidade.

4 ACCIÓNS DIRIXIDAS A PROMOVER O PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

A Administración educativa de Galicia vai desenvolver no marco deste plan unha serie de accións motivadoras destinadas ao apoio da participación das persoas e centros interesados nel.

Neste sentido, os centros educativos que se incorporen ao plan:

- Disporán, na medida do posible, dun incremento nos seus gastos de funcionamento destinado a atender as necesidades de recursos, principalmente nas áreas e nas materias dos cursos que se impartan na lingua estranxeira.
- Terán preferencia para participar nas accións de mobilidade (proxectos Comenius e outros) que favorezan a mellora das competencias lingüísticas na lingua estranxeira.

O alumnado dos Centros Plurilingües e das Seccións Bilingües, terá prioridade para participar:

- Nos procesos de formación en linguas estranxeiras que promova a Consellería.
- Nos programas europeos (Comenius, Grundtwig, Leonardo, Erasmus,...).
- Nos programas de formación en empresas doutros países, no caso do alumnado de Formación profesional.
- Nos cursos de formación das Escolas Oficiais de Idiomas.
- Así mesmo, participará con carácter preferente nos procesos de avaliación e acreditación de competencias lingüísticas, conforme o MCERL, que organice a Administración educativa de Galicia.

O profesorado que participe no Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras terá prioridade para participar:

- Nas actividades de formación lingüística que organice a Consellería, principalmente as accións que se desenvolvan noutros países.
- En programas europeos.
- Terá unha discriminación positiva en todas as accións complementarias á formación, tales como a participación en licenzas por estudos e reintegros individuais, sempre que estean dirixidas á mellora das súas competencias en lingua estranxeira e incidan na mellora da práctica docente.

O Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras ten a consideración de proxecto de innovación educativa e como tal seralle recoñecido ao profesorado participante nel, para todos os efectos que proceda.

Así mesmo, favorecerase a mobilidade do profesorado que participe nos Centros Plurilingües e nas Seccións Bilingües por medio de concursos de traslados con código restrinxido, realizando unha discriminación positiva, se é o caso, cando se refira aos centros situados no medio rural.

5 AVALIACIÓN, RECOÑECIMENTO E ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

A administración educativa favorecerá a certificación das competencias en lingua estranxeira que posúan alumnado e profesorado, ben sexa participante en programas de formación en linguas estranxeiras ou en accións de mobilidade. Para isto, estableceranse as oportunas colaboracións con institucións avaliadoras e certificadores de prestixio.

Na actualidade existe profesorado que posúe competencias nalgunha lingua estranxeira, froito de aprendizaxes formais, non formais ou informais, que forman parte do seu patrimonio persoal e que, de seren recoñecidas e acreditadas, poderían beneficialo ao ter prioridade na participación en todas as accións previstas no Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras. Xa que logo, para promover o uso de todos os recursos existentes, a Administración educativa de Galicia establecerá un procedemento para realizar a avaliación, o recoñecemento e a acreditación das competencias en lingua estranxeira do profesorado, para os efectos que nel se establezan.

O Departamento de educación tamén promoverá un procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias en lingua estranxeira do alumnado. Esta acción suporá, entre outras consecuencias positivas, a mellora competitiva das empresas localizadas en Galicia, coa inserción laboral nelas de traballadores con competencias idiomáticas.

Así mesmo, a través das Escolas Oficiais de Idiomas desenvolveranse procesos para poder avaliar, recoñecer e acreditar aos cidadáns interesados as competencias nas linguas estranxeiras que se impartan en cada escola.

Do mesmo xeito, o profesorado poderá habilitarse para impartir docencia en Centros Plurilingües ou Seccións Bilingües en función do nivel de competencia que posúa na lingua estranxeira que vai empregar na aula.

6 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

As accións e as medidas previstas no Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras serán sometidas a un proceso organizado de seguimento e valoración por parte dun grupo de traballo, constituído para tal efecto na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no que estarán presentes inspectores, asesores e especialistas en linguas estranxeiras.

Os membros deste grupo serán os encargados de realizaren os protocolos de actuación, os informes de seguimento e as avaliacións internas do plan, que serán completados cos informes elaborados polo servizo de Inspección Educativa, responsable da avaliación dos plans e dos proxectos que desenvolve a Administración educativa.

Así mesmo, a administración educativa poderá realizar avaliacións externas, a través dos Servizos de Inspección educativa e/ou de institucións avaliadoras externas especializadas. En todo caso, ao alumnado dos Centros Plurilingües e ao das Seccións Bilingües que participa no plan realizaráselle unha avaliación externa cada dous anos, coincidindo co final de cada ciclo de educación primaria, co remate de educación secundaria obrigatoria, do bacharelato e dos ciclos formativos, se é o caso.

As conclusións destes procesos de avaliación servirán para establecer os mecanismos de revisión e mellora do plan, así como para adoptar por parte da Administración educativa as medidas que proceda no exercicio das súas competencias.

Plan galego de potenciación de linguas estranxeiras

A central graphic of a globe composed of interlocking puzzle pieces, symbolizing global unity and the integration of different languages.